



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

-Documento: **INICIO (APROBACIÓN) DO EXPEDIENTE POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE OUTUBRO DE 2008.**

-Contrato: **OBRAS/CONTRATACIÓN OBRA “SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO COTO FERREIRO”**

-Data de publicación deste documento no Perfil do Contratante: **21 DE OUTUBRO DE 2008.**

Pola Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo, Dna. Raquel López Doce, achégase o expediente de contratación que se está a instruír para a adxudicación da obra “Substitución de material de cuberta no Pavillón Polideportivo Coto Ferreiro”, que trae causa do Proxecto básico e de execución aprobado no punto 6º da Orde do Día da presente sesión.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares elaborado en data 13-10-08 pola Secretaría Xeral en funcións.

Visto o preceptivo informe xurídico da Secretaría Xeral en funcións.

Visto o informe de fiscalización previa da Intervención de Fondos en funcións, de data 13-10-08.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adoptou os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o expediente de contratación relativo á obra “Substitución de material de cuberta no Pavillón Polideportivo Coto Ferreiro”.

2º.- Aprobar o gasto derivado da presente contratación, por un total de 151.522,42 euros, con cargo ás partidas de imputación orzamentaria 4320.6032.23 e 452.0.632.00.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares obrante no expediente, a partires dun orzamento base de licitación (orzamento de execución por contrata) de 151.522,42 euros (orzamento de execución material + gastos xerais + beneficio industrial = 130.622,78 euros; máis 20.899,64 euros en concepto de IVE).

4º.- Dispoñer/impulsar o trámite licitatorio baixo a modalidade negociada sen publicidade, e, na súa virtude, convidar ás empresas que de seguido se relacionan, facéndolles chegar copia do dito Prego e poñendo á súa disposición o exemplar do Proxecto aprobado para que, no improrrogable prazo de cinco días naturais, computado a partires do seguinte ao da recepción da invitación, presenten a súa proposición/plica, perante o Rexistro Xeral do Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou de 09:00 a 13:00 horas os sábados, se fose do seu interese:

- Sometal, S.L.U., con enderezo no Polígono Industrial de Toedo (A Estrada).
- Dago, S.A., con enderezo na Avda. de Lugo nº 199, 1º. (15703 Santiago de Compostela).
- Acibeiro, S.L., con enderezo en Pq. Acibeiro nº 9, baixo (36550 Forcarei).

A Estrada 21 de outubro de 2008.
O ALCALDE,

Asdo. José Antonio Dono López